



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@concellodepadron.es
www.concellodepadron.es
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 81 15 50

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE PADRÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE TRABALLO DE PROFESOR OU PROFESORA DE SAXOFÓN PARA A ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE PADRÓN PARA O CURSO 2015/2016, EXPTE. 13/2015-SPLT.

En cumprimento do establecido na base 16.1 das que rexeron o procedemento de selección número 13/2015-SPLT, convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2015 para a provisión dun posto de traballo de profesor ou profesora de saxofón para a Escola de Música deste Concello durante o curso 2015/2016, faise público que por Resolución do Alcalde número 801/2015, do 2 de decembro, adoptouse o seguinte acordo:

<<Antecedentes administrativos.

Primeiro. Por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2015 aprobáronse as bases que rexerán o procedemento de selección de persoal 13/2015-SPLT, mediante o sistema de concurso-oposición, para o provisión dun posto de traballo de profesor ou profesora de saxofón para a Escola de Música de Padrón para o curso 2015/2016, e convocouse o procedemento.

Segundo. O anuncio da convocatoria publicouse na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello o 5 de novembro de 2015 e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 215, do 10 de novembro de 2015. Ademais as bases aprobadas foron publicadas na páxina web e no Taboleiro no mesmo día 5.

Terceiro. Dado que o prazo para presentar as instancias era de 10 días naturais contados desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no Taboleiro de Anuncios e na páxina web, aquel rematou o 20 de novembro de 2015, téndose presentado un total de 6.

Cuarto. Por Resolución 780/2015, do 24 de novembro, aprobouse a lista definitiva; Dado que todas as persoas admitidas acreditan o coñecemento da lingua galega no nivel esixido, fixouse data, hora e lugar de realización da proba de oposición; e nomeouse ás persoas integrantes do Tribunal, todo o cal fixose público mediante anuncio insertado no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo o 25 de novembro do 2015.

Quinto. Realizado o concurso de méritos e a proba de oposición, o 30 de novembro do 2015 o Tribunal cualificador formula proposta de nomeamento a favor da persoa que obtivo a maior puntuación e o 1 de decembro de 2015 publícase esta no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. A base 16.1 das que rexen este proceso selectivo, establece que de acordo á proposta formulada polo Tribunal, o órgano competente nomeará persoal laboral temporal do Concello de Padrón á persoa que obtivera a maior puntuación no proceso, o que se fará público no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo, e engade na 16.2 que no prazo máximo de dous (2) días hábiles, contados desde o día de inserción do anterior anuncio, a persoa nomeada deberá presentar orixinal do documento nacional de identidade ou pasaporte ou tarxeta de residente e a tarxeta de Seguridade Social, de selo caso, para os efectos da sinatura do correspondente contrato laboral.

Segundo. O artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe ao Alcalde a competencia para o nomeamento do persoal, pero esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local tal e como consta no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

Terceiro. Considerando a urxencia na convocatoria deste procedemento de selección dado que a escola de música xa escomenzou a súa actividade no mes de outubro e que hai moitos nenos matriculados na especialidade de saxofón que se atopan a espera da incorporación do profesor, e considerando que o artigo 14 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, recolle que *"Los órganos superiores podrán avocar para sí el conocimiento de un asunto cuya resolución*

corresponda ordinariamente o por delegación a sus órganos administrativos dependientes, cuando circunstancias de índole técnica, económica, social, jurídica o territorial lo hagan conveniente”,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia para o nomeamento das persoa seleccionada para proveer o posto de profesor ou profesora de saxofón para a Escola de Música de Padrón para o curso 2015/2016.

Segundo. Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón a **Adrián Pais Abuín** ao ter obtido a maior puntuacións no procedemento de selección convocado por acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2015, para a provisión dun posto de traballo de profesor ou profesora de saxofón para a Escola de Música de Padrón para o curso 2015/2016, expte. número 13/2015-SPLT:

1. Número de postos de traballo: un (1).
2. Clase: persoal laboral temporal.
3. Nivel de titulación mínimo esixido: Grao medio de música, na especialidade de saxofón.
4. Denominación do posto: profesor/a de saxofón.
5. Funcións: impartir clases de música, na especialidade de saxofón, na Escola de Música do Concello de Padrón.
6. Categoría: técnico.
7. Grupo de cotización: 2.
8. Convenio colectivo aplicable: Convenio colectivo e acordo regulador do persoal ao servizo do Concello de Padrón, publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 28, do 4 de febreiro de 2009.

Terceiro. Formalizar coa seleccionada o correspondente contrato laboral coas seguintes características:

- Modalidade contractual: duración determinada na modalidade de obra ou servizo determinado a tempo parcial previsto nos artigos 12 e 15 do Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores
- Duración: curso escolar 2015/2016
- Xornada: 8 horas à semana, en horario de tarde de luns a venres e de mañán os sábados. .
- Retribución bruta mensual do posto será de 533,87 € incluído o prorrateo das pagas extraordinarias.

Cuarto. A persoa que obtivera a maior puntuación no proceso, o que se fará público no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo, no prazo máximo de dous (2) días hábiles, contados desde o día de inserción do anterior anuncio, a persoa nomeada deberá presentar orixinal do documento nacional de identidade ou pasaporte ou tarxeta de residente e a tarxeta de Seguridade Social, para os efectos da sinatura do correspondente contrato laboral.

Quinto. Establecer, na orde na que se relacionan, a seguinte lista de reserva para os supostos de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida ou outros supostos nos que todos ou algún dos aspirantes aprobados non cheguen a tomar posesión, tal e como prevé a base 16.3, e a bolsa de emprego prevista na base 17:

NUM. ORDE	APELIDOS E NOME
1	IGLESIAS PAZ, ALBERTO



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@concellodepadron.es

www.concellodepadron.es

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

2	BARROS GERMIÑAS, ROI
3	VIGO CASCALLAR, PABLO

Sexto. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo.

Sétimo. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Oitavo. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención-Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.>>

Padrón, 2 de decembro do 2015
Alcalde
Asno: Antonio Fernández Angueira